bugalicia

# memoria de xestión 2003

CESGA

consorcio de bibliotecas universitarias de galicia

## ÍNDICE DE CONTIDOS

PRESENTACIÓN .......... 3
1.-SERVICIO DE APOIO Á PRODUCCIÓN CIENTÍFICA .......... 5
1.1.- CONTRATACIÓN DE RECURSOS ELECTRÓNICOS .......... 7
1.2.- ESTUDIO DA COLECCIÓN DE RECURSOS .......... 12
1.2.1.- ESTATÍSTICAS DE USO DOS RECURSOS ELECTRÓNICOS .......... 12
1.2.2.- AVALIACIÓN E SOLAPAMENTO DAS BASES DE DATOS .......... 21
1.3.- ESTUDIO DOS USUARIOS POTENCIAIS DE BUGALICIA .......... 31
1.4.-ANÁLISE DAS COLECCIÓNS DE REVISTAS DAS UNIVERSIDADES .......... 39
2.- SERVICIO DE APOIO ÁS TIC NAS BIBLIOTECAS .......... 41
3.- SERVICIO DE APOIO Á FORMACIÓN CONTINUADA DO PERSOAL BIBLIOTECARIO .......... 44
4.- COLABORACIÓNS NOUTRAS INICIATIVAS DE COOPERACIÓN BIBLIOTECARIA .......... 45
5.- A DIFUSIÓN DOS SERVICIOS: A WEB DE BUGALICIA .......... 48
ANEXOS .......... 56
ÓRGANOS DE GOBERNO .......... 57
O PERSOAL DO CONSORCIO: .......... 59
EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO 2003 .......... 61
PLAN DE ACTIVIDADES 2003 .......... 65

Esta memoria foi aprobada polo Consello de Goberno do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia o 23 de abril do 2004.

# PRESENTACIÓN

Se o 2002 foi o ano da posta en marcha do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, o 2003 consolidounos como unha peza clave nos servicios das bibliotecas universitarias galegas.

O noso obxectivo fundamental é o apoio á investigación e o desenvolvemento de Galicia a través da cooperación bibliotecaria.

Este obxectivo quixemos levalo a cabo a través das seguintes liñas de traballo:

1. Favorecendo a producción científica que se está a desenvolver nas universidades da nosa comunidade autónoma.
2. Fomentando a aplicación das novas tecnoloxías da información nos servicios bibliotecarios
3. Potenciando a formación continuada do persoal que traballa nas bibliotecas.
4. Colaborando noutras iniciativas que xurdan da cooperación bibliotecaria, especialmente no ámbito galego, pero tamén a nivel nacional e internacional.

A memoria está estructurada nestas liñas básicas, nas que se inclúen tódalas tarefas realizadas polo Consorcio no 2003.

Cabe reseñar nesta páxina de presentación, os estudios da colección de recursos electrónicos e dos usuarios potenciais do Consorcio que se realizaron co fin de optimizar as nosas inversións.

Así mesmo, hai que destacar ó longo do 2003 a posta en marcha dos mecanismos necesarios para a contratación conxunta de revistas electrónicas, onde, unha vez máis, a cooperación bibliotecaria das tres universidades galegas deu os seus froitos.

Coleccións de revistas, normas e procedementos pasarán a enriquecer de maneira significativa a biblioteca de recursos electrónicos das nosas universidades.

O resultado das negociacións consorciadas tradúcese nunha inversión conxunta para o 2004 cun valor superior ós 3.758.000 € en recursos electrónicos, dos cales máis de 2.800.000 € vanse dedicar ás novas suscricións das revistas máis demandadas e citadas pola comunidade académica.

No referente á unificación dos sistemas de xestión bibliotecaria, hai que facer mención ó apoio na posta en marcha de Millennium na Universidade de Santiago de Compostela, así como á colaboración, un ano máis, na implantación dun sistema integrado de xestión bibliotecaria na Rede de bibliotecas públicas de Galicia.

Reseñar ademáis a incorporación ó Consorcio de becarios e persoal do Plan Labora da Xunta de Galicia, sen os que non poderiamos ter levado a cabo tódalas tarefas encomendadas no 2003.

E xa por último, agradecerlle a D. Eduardo García-Rodeja Gayoso, Presidente do Consorcio ata o 19 de decembro de 2003, o seu constante apoio, confianza e dedicación ás labores do Consorcio. Agradecemento que facemos extensivo ó persoal do Vicerrectorado de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela.

# 1.-SERVICIO DE APOIO Á PRODUCCIÓN CIENTÍFICA

O apoio á investigación das tres universidades galegas é a razón de ser do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

Este apoio materialízase na contratación de recursos electrónicos co fin de fomentar a producción científica que se está a desenvolver nas nosas universidades.

É fundamental precisar que a colección de recursos contratada ten que adecuarse ás necesidades da comunidade académica, posibilitando o acceso á bibliografía máis demandada nas súas liñas de investigación, polo que é imprescindible que sexan os propios investigadores os que se involucren no proceso de selección dos recursos a contratar.

Como é imposible, dende o punto de vista orzamentario, facer frente a tódalas peticións individuais, precísase que prevaleza o interese común das tres universidades na toma de decisións das compras consorciadas, polo que no 2003 establecéronse os procedementos a seguir na contratación dos recursos electrónicos consorciados.

Nun intento de adecuar a colección ás necesidades dos investigadores, o primeiro foi analizar os usuarios potenciais que poderían utilizar os recursos de BUGALICIA e distribuílos por grandes ámbitos do coñecemento .

O paso seguinte foi estudiar a nosa colección de recursos electrónicos, co fin de optimizar a inversión que se estaba a facer na contratación das bases de datos e poder ampliar a nosa liña de actuación á contratación de revistas electrónicas, a través de:

- As consultas ós recursos contratados.
- A cobertura por ámbitos do coñecemento das bases de datos contratadas.
- A duplicidade das referencias de revistas indizadas nas bases de datos contratadas, co fin de suprimir aquelas que non tiveran ningún valor engadido.

- O valor engadido das diferentes bases de datos, é dicir, se dan acceso ó texto completo, se a base de datos ofrece desenvolvementos engadidos que a fagan única, a súa cobertura ós diferentes ámbitos de coñecemento (multidisciplinar, específica) e a súa relación coas outras bases de datos contratadas na mesma área,...
- A relación pvp/consulta dos recursos contratados

E xa por último, analizáronse as coleccións de revistas das tres universidades galegas, co fin de poder ampliar a nosa liña de actuación á contratación de revistas electrónicas.

Deste xeito, nas páxinas seguintes analízanse detidamente catro aspectos encamiñados a favorecer a investigación nas universidades galegas:

1. Os recursos contratatados no 2003, distribuídos por ámbitos de coñecemento e o orzamento invertido nelas, a evolución do orzamento invertido nas contratacións dende o ano 2000; así como os procedementos a seguir para a contratación consorciada dos recursos.
2. Os estudios da colección de recursos, a través de:
    - As estatísticas de uso comparándoas coas do 2002.
    - O estudio de solapamento das bases de datos contratadas.
3. Estudio dos usuarios potenciais de BUGALICIA
4. Análise das coleccións de revistas das universidades galegas

## 1.1.- CONTRATACIÓN DE RECURSOS ELECTRÓNICOS

No 2003, invertíronse **1.344.887,10 €** na contratación de recursos electrónicos, distribuídos do seguinte xeito:

- 1.327.352,02 € destináronse á contratación de 50 bases de datos referenciais.
- 17.535,08 € destináronse á suscripción do acceso á 102 títulos de libros electrónicos da área de informática do portal Safari Tech Books Online.

A contratación das bases de datos referenciais no 2003, básicamente foi unha renovación das contratadas no 2002. As únicas novidades foron o cambio de plataforma de consulta de Current Contents (de Ovid a ISI) e de Dissertation Abstracts (de Ovid a Proquest) e o aumento de licencias para Santiago e Vigo da base de datos de química Scifinder, debido ó gran número de rexeitados nestas dúas universidades.

As 50 bases de datos referenciais contratadas distribúense por ámbitos do coñecemento da seguinte maneira:



E a porcentaxe invertida nas bases de datos por ámbitos de coñecemento é a seguinte:




Unha comparativa da evolución das inversións en bases de datos referenciais do 2001 ó 2003, amósase na seguinte gráfica:



Xa por último , hai que reseñar tamén que a presencia dos editores na colección de bases de datos de Bugalicia, foi variando entre o 2002 e o 2003.



## PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN DOS RECURSOS DE BUGALICIA

Ó longo do 2003 estableceronse os procedementos a seguir para a contratación e cancelación dos recursos electrónicos de Bugalicia, tendo sempre en conta que a través do Consorcio só se consideran aquelas peticións que sexan de interese común ás tres universidades galegas e que veñan avaladas polas súas Comisións de bibliotecas.

Procedemento a seguir para a contratación de novos recursos electrónicos a través do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia:

1. As peticións dos profesores/usuarios canalízanse a través dos mecanismos establecidos por cada Universidade para a adquisición de recursos electrónicos.
2. A Comisión de Bibliotecas de cada Universidade elabora unha proposta formal de novas adquisicións.
3. Esta proposta formal da Comisión de Bibliotecas de cada Universidade é presentada polo Director da Biblioteca Universitaria na Comisión Técnica do Consorcio.
4. A Comisión Técnica do Consorcio estudia as peticións de cada Universidade e realiza unha proposta única baseada no interese común das tres Universidades.
5. Esta proposta é enviada ó Consello de Goberno do Consorcio para a súa aprobación.

**PROCEDEMENTO PARA NOVAS CONTRATACIÓNS**



<u>Procedemento a seguir para a cancelación de recursos electrónicos do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia:</u>

1. A petición do Consello de Goberno do Consorcio, a Comisión Técnica realiza periódicamente un estudio avaliativo* da colección dos recursos electrónicos dispoñibles dende o Consorcio, co fin de optimizar as contratacións realizadas. Como conclusión desta análise, a Comisión Técnica realiza un borrador das posibles cancelacións para o seguinte ano.
2. Este borrador de posibles cancelacións é presentado ante a Comisión de Bibliotecas de cada Universidade que elabora unha proposta formal que é presentada polo Director da Biblioteca Universitaria na Comisión Técnica do Consorcio.
3. A Comisión Técnica do Consorcio estudia as peticións de cada Universidade e realiza unha proposta única baseada no interese común das tres Universidades.
4. Esta proposta é enviada ó Consello de Goberno do Consorcio para a súa aprobación.

* *O estudio avaliativo realízase en función de:*

- *Os usuarios potenciais dos diferentes recursos electrónicos contratados.*
- *As estatísticas de uso dos recursos dispoñibles.*
- *A relación pvp/consulta.*

**PROCEDEMENTO PARA CANCELACIÓN DE CONTRATACIÓNS**



## 1.2.- ESTUDIO DA COLECCIÓN DE RECURSOS

Co fin de adecuar a nosa colección de recursos electrónicos ás necesidades dos usuarios potenciais de BUGALICIA, optimizando ó máximo a inversión realizada, realizáronse os seguintes estudios:

- Análise das estatísticas de uso dos recursos
- Estudio de avaliación e solapamento das bases de datos

### 1.2.1.- ESTATÍSTICAS DE USO DOS RECURSOS ELECTRÓNICOS

Hai que facer mención neste apartado ás estatísticas do 2002, xa que se ben na memoria do ano pasado falábase de 2.732.130 consultas ás bases de datos en web, o certo é que, debido a un erro de programación na plataforma digital ERL (propiedad de Ovid Technologies), as estatísticas suministradas polo noso provedor Greendata, a quen lle correspondía o suministro e seguemento das consultas realizadas ás bases de datos de Bugalicia, foron sobredimensionadas nun 341,52 % (de cada 100 suministradas, 77,35 eran falsas), o que supón unha cifra de 2.141.237 consultas superiores ás reais.
Este erro foi descuberto polo persoal do noso Consorcio en maio do 2003 o que nos permitíu correxir a tempo os datos das consultas xa suministradas no 2003 e esixir unha rectificación dos datos do 2002 e unha disculpa pública das empresas anteriormente citadas .

**Por conseguinte, a cifra real do 2002 das consultas realizadas ás bases de datos referenciais en web foi de 626.965.**

Xa no concernente ó 2003, o número total de consultas e sesións realizadas polas tres universidades galegas ás bases de datos contratadas polo consorcio foi de **859.772**, repartidas da seguinte maneira:

- **Número de consultas ás bases de datos en web: 828.079**
- **Número de sesións ás bases de datos en CD e Westlaw*: 31.693**

*Polo que respecta ás sesións á base de datos Westlaw de Aranzadi, o editor só nos facilitou ata o momento ás cifras dos primeiros seis meses do 2003.*

Por outro lado, houbo **20.927 accesos** ós 102 títulos electrónicos da área de informática, contratados dende o 17 de marzo do 2003.
Estos accesos ós e-books distribuíronse do seguinte xeito por universidade :

- **UDC: 3.566**
- **USC: 4.794**
- **UVI: 12.567**

O número e porcentaxe de consultas distribuídas por cada unha das tres universidades galegas exprésase nos seguintes gráficos:







O número e porcentaxe de sesións distribuídas por cada unha das tres universidades galegas amósase nos seguintes gráficos:






Calculamos agora a media de consultas por usuarios totales del Consorcio o relacionamos cá media das consultas que fan os usuarios en cada unha das universidades e o representamos nunha gráfica.

| | Tot. usuarios | Consultas | Conslt/Usuario |
|---|---|---|---|
| VIGO | 2.573 | 235.269 | 91,44 |
| SANTIAGO | 3.633 | 488.504 | 134,46 |
| CORUÑA | 1.981 | 104.306 | 52,65 |
| TOTAL | **8.187** | **828.079** | |
| MEDIA | | | **101,15** |

**Media de consulta por usuario do Consorcio: 101,15**




Unha visión comparativa entre o 2002 e o 2003 das consultas e sesións realizadas polas universidades ofrece os seguintes resultados:












Tomando como base unha circular de REBIUN na que aconsellan igualar o número de sesións ás de consultas como resultado de multiplicar por 5 o número de veces que se accede ós recursos que non poden ser obxecto de estatísticas de consulta (na maior parte recursos en cd-rom), o número de consultas ás bases de datos en 2003 foi de **986.544,** distribuidas por universidade da seguinte maneira:

| | | |
|---|---|---|
| **Total BUGALICIA** | **986.544** | |
| Universidade de Vigo | 329.404 | **33,39%** |
| Universidade de Santiago | 513.689 | **52,07%** |
| Universidade de A Coruña | 143.451 | **14,54%** |

A seguinte gráfica comparativa amosa a evolución das consultas e sesións entre o 2002 e o 2003.



Unha visión máis pormenorizada da gráfica anterior amosa as bases de datos cun maior incremento no número de consultas no 2003.




Neste senso, a seguinte gráfica amosa aquelas bases de datos que viron diminuir o seu número de consultas no 2003 con respecto ó 2002.



A seguinte gráfica amosa unha comparativa do número de sesións por universidade ás bases de datos máis consultadas en CD.




A evolución mensual das consultas/sesións ás bases de datos contratadas amósase na seguinte gráfica.



A seguinte gráfica expresa a porcentaxe das consultas realizadas por ámbitos de coñecemento:




A análise cuantitativa do pvp por consulta de cada unha das bases de datos en web detállase nas dúas seguintes gráficas, considerando o valor de 1€ para establecer o corte entre elas:






A gráfica seguinte amosa a relación pvp/sesión nas bases de datos en CD-ROM.



## 1.2.2.- AVALIACIÓN E SOLAPAMENTO DAS BASES DE DATOS

O avance espectacular das comunicacións así como a difusión cada día maior do fenómeno Internet/web revolucionou o mundo das bases de datos. Son numerosas as que actualmente acaparan o coñecemento científico, sobre todo no eido das ciencias puras e experimentais, esto fainos pensar ata que punto son eficaces e responden ás necesidades reais dos usuarios potenciais. Como Consorcio de Bibliotecas Universitarias vimos a posibilidade de realizar un estudio onde fose posible avaliar cada unha das bases de datos ás que damos acceso. O noso obxectivo foi coñecer as fontes de información que indizan e ve-la porcentaxe de solapamento que hai entre as bases de datos contratadas na actualidade polo Consorcio.

En abril do 2003 o persoal do Consorcio presentou o estudio de solapamento das bases de datos contratadas polo Consorcio, no que como conclusión recóllese o dato de que, **das 82.314 revistas referenciadas polas bases de datos contratadas no 2003, só un 30% delas (39.690) son únicas,** polo que o 70% restante son referencias duplicadas de 15.144 títulos.

| BBDD 2003 | Total revistas indizadas | Issns únicos | Issns 2 o + veces | Issns 1 sola vez |
|---|---|---|---|---|
| **CC e Tecnolox.** | 57.429 | 24.307 | 10.951 | 13.356 |
| **Humanidades** | 14.989 | 9.253 | 2.283 | 6.970 |
| **CC. Sociais** | 9.896 | 6.130 | 1.910 | 4.220 |
| **TOTAL** | **82.314** | **39.690** | 15.144 | 24.546 |

*Es decir, de los 39.690 títulos únicos,sólo 24.546 aparecen una sólo vez y 15.144 títulos aparecen más de una vez, hasta 42.624 veces en total.*

O estudio fai unha análise en profundidade de tódalas bases de datos có obxectivo de intentar optimizar a contratación de recursos electrónicos, establecendo unha metodoloxía a seguir co fin de darlle unha estructura lóxica e coherente:

1º. Inténtase conseguir os listados das revistas que compoñen cada base de datos a través dos provedores que nos dan acceso, preferentemente en formatos compatibles para o seu tratamento (xml,

txt, mdb, csv). É importante a actualización dos listados e que ademáis dos títulos se inclúan os ISSN (imprescindibles para realizar o cruce entre revistas).

2º. Reunidos os listados, e despois dun proceso de conversión, elimínanse os duplicados. Os títulos de revistas deberían ser únicos, pero a existencia de duplicados lévanos a incorporar este paso en tódalas táboas.

- ➲ Créase unha BD para eliminar duplicados dos listados de revistas.
- ➲ Cunha Consulta "Asistente para Búsqueda de Duplicados" en Access sobre cada unha das táboas que compoñen cada unha das revistas indizadas polas bases de datos, consíguensen os listados únicos.

3º. Cos listados únicos de tódalas revistas, obsérvase que hai rexistros que non teñen ISSN entón tivemos que facer unha distinción entre os títulos sen ISSN e os títulos con ISSN.

- ➲ Duplícanse as táboas daquelas bases de datos que teñan títulos con ISSN e sen ISSN. Por exemplo: ASFA_ISSN ; ASFA_SIN_ISSN.
- ➲ Como consecuencia obtíveronse dúas bases de datos, unha para o cruce por ISSN e outra para o cruce por TITULO (menos fiable).

**BD_solapamento_issn**



## BD_solapamento_titulo




➲ Os títulos sen ISSN inténtanse buscar na base de datos do ISSN e do ULRICH´S.

Os primeiros resultados de todo o proceso de cruce visualízanse nunha gran táboa onde están reflectidas todas as bases de datos estudiadas co número de revistas que indizan e a porcentaxe de solapamento que hai entre cada unha delas.

| 3 | | | ABI/Inform | | | AGRIS | | | Analytical Abstracts | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4 | | RF | 1847 | | | 6205 | | | 260 | | |
| 5 | | RC | COI | COI/RC | COI/RF | COI | COI/RC | COI/RF | COI | COI/RC | COI/RF |
| 6 | ABI/Inform | 1847 | | | | | | | | | |
| 7 | AGRIS | 6205 | 45 | 0,73% | 2,44% | | | | | | |
| 8 | Analytical Abstracts | 260 | 1 | 0,38% | 0,05% | 47 | 18,08% | 0,76% | | | |
| 9 | APID | 240 | 1 | 0,42% | 0,05% | 2 | 0,83% | 0,03% | 0 | 0,00% | 0,00% |
| 10 | Aqualine | 283 | 9 | 3,18% | 0,49% | 73 | 25,80% | 1,18% | 25 | 8,83% | 9,62% |
| 11 | ASFA | 3183 | 26 | 0,82% | 1,41% | 810 | 25,45% | 13,05% | 78 | 2,45% | 30,00% |
| 12 | Biological Abstracts | 3806 | 3 | 0,08% | 0,16% | 1066 | 28,01% | 17,18% | 96 | 2,52% | 36,92% |
| 13 | CC:Agr.,Bio. & Env. | 1070 | 8 | 0,75% | 0,43% | 626 | 58,50% | 10,09% | 51 | 4,77% | 19,62% |
| 14 | CC:Arts & Humanit. | 1123 | 0 | 0,00% | 0,00% | 4 | 0,36% | 0,06% | 0 | 0,00% | 0,00% |
| 15 | CC:Clinical Medicine | 1152 | 4 | 0,35% | 0,22% | 39 | 3,39% | 0,63% | 3 | 0,26% | 1,15% |
| 16 | CC:Eng. Comp. & Tech. | 1130 | 33 | 2,92% | 1,79% | 16 | 1,42% | 0,26% | 5 | 0,44% | 1,92% |
| 17 | CC:Life Sciences | 1358 | 3 | 0,22% | 0,16% | 272 | 20,03% | 4,38% | 42 | 3,09% | 16,15% |
| 18 | CC:Phys., Chem. & E.S. | 1077 | 7 | 0,65% | 0,38% | 30 | 2,79% | 0,48% | 86 | 7,99% | 33,08% |
| 19 | CC:Social & Behavio.Sc. | 1641 | 260 | 15,84% | 14,08% | 77 | 4,69% | 1,24% | 1 | 0,06% | 0,38% |
| 20 | EconLit | 827 | 225 | 27,21% | 12,18% | 63 | 7,62% | 1,02% | 0 | 0,00% | 0,00% |
| 21 | Ei Compendex | 3255 | 160 | 4,92% | 8,66% | 189 | 5,81% | 3,05% | 65 | 2,00% | 25,00% |
| 22 | ERIC | 1011 | 39 | 3,86% | 2,11% | 49 | 4,85% | 0,79% | 1 | 0,10% | 0,38% |
| 23 | Francis | 605 | 1 | 0,17% | 0,05% | 10 | 1,65% | 0,16% | 0 | 0,00% | 0,00% |

***RF*** *: revistas indizadas das bases de datos que están nesa **fila**.*

***RC*** *: revistas indizadas das bases de datos que están nesa **columna**.*

COINC***:*** *coincidencias entre as dúas bases de datos que se cruzan.*

COINC/RC *: coincidencias en porcentaxe entre as bases de datos da columna coa base de datos da fila correspondente.*

COINC/RF *: coincidencias en porcentaxe entre as bases de datos da fila coa base de datos da columna correspondente.*

A análise detallada desta táboa pon en obxecto de estudio, non só as bases de datos en si mesmas senón tamén o ámbito de coñecemento que abarcan e máis adiante relaciónanse cos usuarios potenciais que poden consultar esas bases de datos.

Se relacionamos as porcentaxes de cruce cos ambitos de coñecemento e as subdividimos en tres grandes áreas, teremos tres SUBTÁBOAS de solapamento que nos permiten observar mellor en que bases de datos da misma materia, as porcentaxes son máis altas.

As táboas son as seguintes (resultado da primeira):

- **SubTáboa de Humanidades**
- **SubTáboa de Xurídico-Social**
- **SubTáboa de Ciencias e Tecnoloxía***

| Humanidades | | CC: Arts & Humanities | | | Humanities Index | | | LLBA | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | RF | 1123 | | | 520 | | | 1242 | | |
| | RC | COI | COI/RC | COI/RF | COI | COI/RC | COI/RF | COI | COI/RC | COI/RF |
| CC: Arts & Humanities | 1123 | | | | | | | | | |
| Humanities Index | 520 | 338 | 65,00% | 30,10% | | | | | | |
| LLBA | 1242 | 141 | 11,35% | 12,56% | 56 | 4,51% | 10,77% | | | |
| MLA | 6366 | 607 | 9,54% | 54,05% | 291 | 4,57% | 55,96% | 505 | 7,93% | 40,66% |
| PCI Full Text | 4068 | 727 | 17,87% | 64,74% | 376 | 9,24% | 72,31% | 260 | 6,39% | 20,93% |
| Philosopher's Index | 546 | 1 | 0,18% | 0,09% | 0 | 0,00% | 0,00% | 0 | 0,00% | 0,00% |
| WOS: Arts & Humanities | 1124 | 1012 | 90,04% | 90,12% | 321 | 28,56% | 61,73% | 132 | 11,74% | 10,63% |

| | Ciencias Sociais | | C: Social & Beh.Science | | | ERIC | | | Francis | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | RF | 1641 | | | 1011 | | | 605 | | |
| | | RC | COI | COI/RC | COI/RF | COI | COI/RC | COI/RF | COI | COI/RC | COI/RF |
| Psicologia-Educ | CC: Social & Beh.Sciences | 1641 | | | | | | | | | |
| | ERIC | 1011 | 267 | 26.41% | 16,27% | | | | | | |
| | Francis | 605 | 52 | 8,60% | 3,17% | 14 | 2,31% | 1,38% | | | |
| | PsycInfo | 2208 | 729 | 33,02% | 44,42% | 271 | 12,27% | 26,81% | 46 | 2,08% | 7,60% |
| | WOS: Soc. Sci. Cit. Ind | 1757 | 1638 | 93,23% | 99,82% | 276 | 15,71% | 27,30% | 55 | 3,13% | 9,09% |
| Econo | ABI / Inform | 1847 | 260 | 14,08% | 15,84% | 39 | 2,11% | 3,86% | 1 | 0,05% | 0,17% |
| | EconLit | 827 | 248 | 29,99% | 15,11% | 19 | 2,30% | 1,88% | 4 | 0,48% | 0,66% |

*O ámbito de coñecemento Ciencias e Tecnoloxía, engloba Ciencias Experimentais, Ciencias da Saude e Tecnoloxía.

- O seguinte paso sería desintegrar cada base de datos estudiada para coñecer as revistas únicas que indiza, mediante a eliminación sucesiva das revistas coincidentes co resto das bases de datos. Para realizar este proceso diseñouse unha nova base de datos: **BD_PARA_COMPARAR**.




O proceso a seguir de deseño de BD_PARA_COMPARAR, foi crear tres táboas:

- <u>Táboa TOTAL_TITULOS</u>, na que se inclúen tódolos listados de ISSN das revistas referenciadas en tódalas bases de datos obxecto de estudio e nome da Base de Datos á que pertence, exemplo:



TOTAL_TITULOS : Tabla

| issn | bd |
|---|---|
| 12185175 | agris |
| 12179337 | agris |
| 12177393 | agris |
| 12170275 | agris |
| 03770486 | analiticalabstracts |
| 02365731 | analiticalabstracts |
| 16159306 | analiticalabstracts |
| 10473289 | analiticalabstracts |
| 10440305 | analiticalabstracts |
| 14730197 | analiticalabstracts |
| 01035053 | analiticalabstracts |
| 02535106 | analiticalabstracts |
| 10161104 | analiticalabstracts |
| 00134651 | analiticalabstracts |

Registro: 7816 de 82814

- <u>Táboa BASE_COMPARAR</u>. Créase unha táboa por cada unha das bases de datos que se quere comparar, na que se engáden o seú listado de títulos das revistas indizadas, xunto cos ISSN, exemplo:



BASE_COMPARAR : Tabla

| issn | |
|---|---|
| 00016837 | Acta Poloniae Pharmaceutica |
| 0003021X | Journal of the American Oil Chemists Society |
| 00032654 | Analyst (Cambridge, U. K.) |
| 00032670 | Analytica Chimica Acta |
| 00032697 | Analytical Biochemistry |
| 00032700 | Analytical Chemistry |
| 00032719 | Analytical Letters |
| 00034592 | Annali di Chimica (Rome) |
| 00036935 | Applied Optics |
| 00037028 | Applied Spectroscopy |
| 00045632 | Annals of Clinical Biochemistry |
| 00063592 | Biotechnology and Bioengineering |
| 00074861 | Bulletin of Environmental Contamination and Toxicolog |
| 00086215 | Carbohydrate Research |

Registro: 7 de 250

- Mediante un programa creado específicamente para este proceso crúzase o listado da táboa de BD_COMPARAR coa de TOTAL_TITULOS, e deste xeito atópanse os ISSN coincidentes nas dúas táboas.

- O resultado do proceso visualízase na táboa RESULTADO, observando as coincidencias marcadas cun 1 e as non coincidencias cun 0. A táboa recolle nas columnas os ISSN, Titulos e Nomes das bases de datos coas que se compara.
  Tomamos como exemplo Life Sciences, despois de insertar os títulos e ISSN que ten na táboa BD_COMPARAR e cruzalos coa táboa TOTAL_TITULOS, vemos que a columna de Analitical Abstracts marca sempre un 1 porque é a base de datos que comparamos. Nas seguintes columnas hai 0 e 1 dependendo das coincidencias coas restantes.

r_lifesciences : Tabla

| issn | titulo | abi | agris | analiti |
|---|---|---|---|---|
| 00048461 | Australas. Radiol. 1998 vol. 42 | 0 | 0 | 0 |
| 00048674 | AUST. N. Z. J. PSYCHIATRY 1997 vol. 31 | 0 | 0 | 0 |
| 00049050 | J. AUST. ENTOMOL. SOC. 1995 vol. 34 | 0 | 1 | 0 |
| 00049409 | AUST. J. AGRIC. RES. 1995 vol. 46 | 0 | 1 | 0 |
| 00049425 | AUST. J. CHEM. 1994 vol. 47 | 0 | 1 | 0 |
| 00049573 | AUST. J. SOIL RES. 1997 vol. 35 | 0 | 1 | 0 |
| 0004959X | Aust. J. Zool. 1997 vol. 45 | 0 | 1 | 0 |
| 00050422 | AUST. VET. J. 1995 vol. 72 | 0 | 0 | 0 |
| 00050423 | AUST. VET. J. 1997 vol. 75 | 0 | 1 | 0 |
| 00052086 | Avian Dis. 1998 vol. 42 | 0 | 1 | 0 |
| 00052175 | AVIAT. SPACE | 1 | 0 | 0 |
| 00057959 | Behaviour 1998 vol. 135 | 0 | 1 | 0 |
| 0005805X | BEITR. ENTOMOL. 1997 vol. 47 | 0 | 0 | 0 |
| 00059366 | Berliner und Muenchener Tieraerztliche Wochenschrift [Berl. Muencl | 0 | 1 | 0 |
| 0006219X | BIOCHEM. BIOPHYS. RES. COMM. 1996 vol. 220 | 0 | 0 | 0 |
| 0006291X | Biochemical and Biophysical Research Communications 1998 vol. 2 | 0 | 1 | 0 |
| 00062928 | Biochem. Genet. 1998 vol. 36 | 0 | 1 | 0 |
| 00062952 | BIOCHEM. PHARMACOL. 1997 vol. 53 | 0 | 0 | 0 |
| 00062960 | BIOCHEMISTRY WASH. 1997 vol. 36 | 0 | 1 | 0 |

Registro: 1 de 3167

Para visualizar mellor estos resultados elaboramos un documento excel con tódalas táboas resultantes do cruce das bases de datos.

Situándonos no mesmo exemplo de Life Sciences, na táboa vemos o número de revista que indiza (250 con ISSN), marcada en azul, e o número de coincidencias coas restantes bases de datos, podendo coñecer con que revistas se solapan e qué número de revistas son únicas da propia Analitical Abstracts.

| | A | B | C | D | E | F | G | H | J | K | L | M | N | O | P | Q | R | S | T | U | V | W | X | Y | Z | AA | AB | AC | AD | AF |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | | 25 | 827 | 86 | 0 | 132 | 1753 | 1597 | 10 | 283 | 17 | 10 | 326 | 536 | 0 | 167 | 72 | 3167 | 18 | 42 | 23 | 1283 | 10 | 962 | 35 | 1 | 227 | 414 | 301 | |
| 2 | issn | abi | agris | analiticalabstracts | apid | aqualine | asfa | biologicalabstracts | econlit | eicompendex | eric | francis | fsta | geobase | humanitiesindex | inspec | ipa | lifesci | lliba | mathscidisc | mathscinet | medline | mla | pascal | poi | philosopher | psycinfo | scifinder | scilod | titulo |
| 3 | 00039985 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | ARCH. PATHOL. LAB. MED. 1997 vol. 121 |
| 4 | 00039993 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | ARCH. PHYS. MED. REHAB. 1993 vol. 74 |
| 5 | 00040002 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | ARCH. SEX. BEHAV. 1996 vol. 25 |
| 6 | 00040010 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | ARCH. SURG. 1994 vol. 129 |
| 7 | 00040592 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | ARCH. ZOOTEC. 1997 vol. 46 |
| 8 | 0004069X | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | ARCH. IMMUNOL. THER. EXP. 1993 vol. 41 |
| 9 | 00040843 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | Arctic 1998 vol. 51 |
| 10 | 00040851 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | ARCT. ALP. RES. 1998 vol. 30 |
| 11 | 00041254 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1997 vol. 48 |
| 12 | 0004291X | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | BIOCHEM. BIOPHYS. RES. COMMUN. 1994 vol. 204 |
| 13 | 00042927 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | ARS PHARM. 1997 vol. 38 |
| 14 | 00043591 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | ARTHRITIS RHEUM. 1997 vol. 40 |
| 15 | 00043820 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | EVOLUTION 1997 vol. 51 |
| 16 | 0004416X | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | ASIAN MED. J. 1997 vol. 40 |
| 17 | 0004461X | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | Asian Med. J. 1998 vol. 41 |
| 18 | 00045608 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | ANN. ASSOC. AM. GEOGR. 1995 vol. 85 |
| 19 | 00045756 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | J. AOAC INT. 1997 vol. 80 |
| 20 | 00046000 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | BOLL. ASSOC. ROM. ENTOMOL. 1995 vol. 50 |
| 21 | 00048038 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | AUK 1998 vol. 115 |
| 22 | 00048291 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | Z. J. Med.] 1999 vol. 29 |
| 23 | 00048380 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | Australas. J. Dermatol. 1998 vol. 39 |
| 24 | 00048401 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | AUST. RADIOL. 1997 vol. 41 |
| 25 | 0001076X | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | Acta Tropica [Acta Trop.] 2000 vol. 76 |
| 26 | 00011541 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | AICHE J. 1997 vol. 43 |
| 27 | 00012351 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | Transactions of the ASAE [Trans. ASAE] 1999 vol. 42 |
| 28 | 00012815 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | Tissue Antigens 2000 vol. 56 |
| 29 | 00013714 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | Revista de Microbiologia [Rev. Microbiol.] 1998 vol. 29 |
| 30 | 00013925 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | J. GEN. VIROL. 1996 vol. 77 |
| 31 | 00014392 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | J. GEN. VIROL. 1997 vol. 78 |
| 32 | 00014575 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | ACCID. ANAL. PREV. 1996 vol. 28 |

CurrentContents / Econlit / EiCompendex / Eric / Francis / FSTA / Geobase / HumanIndex / Inspec / IPA / **LifeSci** / MathSciDisc / MathSciNet / Medline / MLA /

Como documento final elaboramos unha táboa-resumo para cada base de datos, na que se recollen tódolos datos e porcentaxes obtidas ó longo do proceso de cruce:

| BASE DE DATOS | TOTAL REVISTAS | sin ISSN | con ISSN | PORCENTAJE |
|---|---|---|---|---|
| **LIFE SCIENCES** | **3.167** | 0 | 3.167 | |

| REVISTAS CON ISSN REPARTIDAS EN LAS BASES DE DATOS | | COINCIDENCIAS | % |
|---|---|---|---|
| ASFA | 1.753 | 1.753 | **55,35%** |
| Medline | 617 | 1.283 | **40,51%** |
| AGRIS | 124 | 827 | **26,11%** |
| Biological Abstracts | 67 | 1.597 | 50,43% |
| PASCAL | 46 | 961 | **30,34%** |
| INSPEC | 24 | 167 | 5,27% |
| Psycinfo | 20 | 227 | 7,17% |
| Scifinder Scholar | 8 | 414 | 13,07% |
| FSTA | 6 | 326 | 10,29% |
| Ei Compendex | 6 | 283 | 8,94% |
| Geobase | 5 | 536 | 16,92% |
| SoilCD | 5 | 301 | 9,50% |
| ABI | 5 | 25 | 0,79% |
| IPA | 2 | 72 | 2,27% |
| Aqualine | 1 | 132 | 4,17% |
| **TOTAL** | 2.689 | | |
| **REVISTAS ÚNICAS DE LIFE SCIENCES** | **478** | | |
| **% de revistas únicas de Life Sciences** | **15,09%** | | |

| | |
|---|---|
| **CONSULTAS 2002** | 14.991 |
| **CONSULTAS 2003** | 22.468 |



As conclusións ás que se poden chegar despois deste exhaustivo estudio teñen un valor engadido moi importante na toma de decisións.

- Unha base de datos cunha porcentaxe de **solapamento baixa**, indícanos que ofrece referencias de revistas que non están noutras bases de datos, polo que a información é única para esa área de coñecemento.

- Unha base de datos cunha porcentaxe de **solapamento alta,** indícanos que as revistas indizadas por esa base de datos son case as mesmas que na outra coa que se compara, polo tanto hai moi pouca información nova que aporta esa base de datos por separado.

Hai que ter en conta, que en calquera dos dous casos anteriores, antes de tomar a decisión de cancelar ou renovar unha base de datos, tamén se teñen en conta outros aspectos, tales como:

- ✓ A área de coñecemento onde se clasifica esa base de datos para ver qué outros recursos temos dentro desa área científica.
- ✓ Das bases de datos solapadas estudiar cal delas ten un maior número de consultas, se ten acceso ó texto completo, se ofrece outro valor engadido propio, etc...
- ✓ Cantos usuarios potenciais poderían utilizar esa base de datos.
- ✓ A relación pvp/número de consultas de cada unha delas.

## 1.3.- ESTUDIO DOS USUARIOS POTENCIAIS DE BUGALICIA

Paralelamente ó estudio de solapamento das bases de datos contratadas no 2003, fixemos unha análise dos nosos usuarios potenciais, entendendo por éstes, todos aqueles profesores e alumnos de terceiro ciclo das tres universidades galegas, distribuídos polos departamentos ós que pertencen, co fin de poder estudiar a cobertura das bases de datos por usuarios potenciais e por ámbitos de coñecemento.

Unha vez recopilados os datos, vimos que gran parte dos departamentos das tres universidades coincidían. No caso de non coincidir incluímos o departamento correspondente na área axeitada, por este motivo atopamos departamentos que só teñen usuarios nunha universidade, ou en dúas, e non nas tres.

Como resultado de todas estas apreciacións fomos deseñando tres táboas por ámbito de coñecemento: CIENCIAS-TECNOLOXÍA*, HUMANIDADES e XURÍDICO-SOCIAL, nas que distribuímos os datos da seguinte maneira: os departamentos foron agrupados por áreas temáticas máis xerais: Matemáticas, Medicina, Agricultura e Biología, etc, e á súa vez, éstas foron agrupadas por ámbitos de coñecemento.

Todos os departamentos foron relacionados coas bases de datos que a priori poderíase pensar que lles son de utilidade. A cor asignada a cada base de datos será o elemento identificador que relacione os departamentos coas bases de datos e cos usuarios potenciais que poden ter.

Aparte deixamos as bases de datos MULTIDISCIPLINARES, que, por definición, dan coberura a tódolos usuarios potenciais.

A modo de exemplo, amósanse dous pequenos fragmentos das táboas de Ciencias e Tecnoloxía e de Xurídico-Social, onde podemos ve-lo deseño que elaboramos para visualiza-los datos proporcionados polas universidades, en canto ós profesores e alumnos de terceiro ciclo, agrupados por departamentos e áreas.

Nas táboas represéntanse as bases de datos coa súa cor correspondente, xunto cos profesores e alumnos de terceiro ciclo distribuídos por universidade.

*O ámbito de coñecemento Ciencias e Tecnoloxía, engloba Ciencias Experimentais, Ciencias da Saude e Tecnoloxía.

| Área | DEPARTAMENTOS | BD´S | UDC PROF. | UDC ALUM_ | UVI PROF. | UVI ALUM_3 | USC PROF. | USC ALUM_3 | TOTAL DPTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Matemáticas | Álxebra | | | | | | 17 | 2 | 19 |
| Matemáticas | Análise Matemática | | | | | | 19 | 2 | 21 |
| Matemáticas | Matemática Aplicada | | | | | | 29 | 14 | 43 |
| Matemáticas | Estadística e Investigación Operativa | | | | 32 | 6 | 22 | 13 | 73 |
| Matemáticas | Matemáticas | | 34 | 2 | 22 | 2 | | | 60 |
| Matemáticas | Xeometría e Topoloxía | | | | | | 16 | 6 | 22 |
| | TOTAL | | 34 | 2 | 54 | 8 | 103 | 37 | 238 |
| Medicina | Anatomía e Producción Animal | | | | | | 21 | 13 | 34 |
| Medicina | Obstreticia e Xinecoloxía | | | | | | 21 | 6 | 27 |
| Medicina | Anatomía Patolóxica e Ciencias Forenses | | | | | | 19 | 33 | 52 |
| Medicina | Ciencias Morfolóxicas | | | | | | 23 | 26 | 49 |
| Medicina | Enfermería | | | | | | 64 | 19 | 83 |
| Medicina | Ciruxía | | | | | | 44 | 22 | 66 |
| Medicina | Dermatoloxía e Otorrinolaringoloxía | | | | | | 14 | 16 | 30 |
| Medicina | Psiquiatría, Radioloxía e Saúde Pública | | | | | | 43 | 13 | 56 |
| Medicina | Pediatría | | | | | | 37 | 22 | 59 |
| Medicina | Microbioloxía e Parasitoloxía | | | | | | 32 | 24 | 56 |
| Medicina | Fisioterapia | | 26 | 0 | | | | | 26 |
| Medicina | Estomatoloxía | | | | | | 48 | 31 | 79 |
| Medicina | Medicina | | 36 | 31 | | | 50 | 33 | 150 |
| Medicina | Ciencias da Saúde | | 45 | 0 | | | | | 45 |
| Medicina | Fisioloxía | | | | | | 30 | 25 | 55 |
| | TOTAL | | 107 | 31 | 0 | 0 | 446 | 283 | 867 |
| Agricultura e Bioloxía | Bioloxía Animal | | | | | | 23 | 16 | 39 |
| Agricultura e Bioloxía | Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía | | 19 | 21 | | | | | 40 |
| Agricultura e Bioloxía | Bioloxía Celular e Ecoloxía | | | | | | 23 | 11 | 34 |
| Agricultura e Bioloxía | Bioloxía Celular e Molecular | | 21 | 24 | | | | | 45 |
| Agricultura e Bioloxía | Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde | | | | 57 | 63 | | | 120 |
| Agricultura e Bioloxía | Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo | | | | 33 | 20 | | | 53 |
| Agricultura e Bioloxía | Edafoloxía e Química Agrícola | | | | | | 25 | 14 | 39 |
| Agricultura e Bioloxía | Fisioloxía Vexetal | | | | | | 16 | 3 | 19 |
| Agricultura e Bioloxía | Xenética | | | | | | 13 | 2 | 15 |
| Agricultura e Bioloxía | Ecoloxía e Bioloxía Animal | | | | 49 | 59 | | | 108 |
| Agricultura e Bioloxía | Botánica | | | | | | 22 | 10 | 32 |
| | TOTAL | | 40 | 45 | 139 | 142 | 122 | 56 | 544 |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 120 | XURÍDICO-SOCIAL / Dereito | Dereito Común | | | | | 22 | 24 | 46 |
| 121 | XURÍDICO-SOCIAL / Dereito | Dereito Mercantil do Traballo | | | | | 25 | 7 | 32 |
| 122 | XURÍDICO-SOCIAL / Dereito | Dereito Privado | 26 | 76 | 36 | 25 | | | 163 |
| 123 | XURÍDICO-SOCIAL / Dereito | Dereito Público | 22 | 0 | 37 | 21 | | | 80 |
| 124 | XURÍDICO-SOCIAL / Dereito | Dereito Público e Teoría do Estado | | | | | 28 | 26 | 54 |
| 125 | XURÍDICO-SOCIAL / Dereito | Dereito Público Especial | 34 | 0 | 59 | 28 | 31 | 19 | 171 |
| 126 | XURÍDICO-SOCIAL / Economía & Empresa | Análise Económica e Administración de Empresas | 36 | 0 | | | | | 36 |
| 127 | XURÍDICO-SOCIAL / Economía & Empresa | Economía Aplicada | | | 60 | 21 | 50 | 25 | 156 |
| 128 | XURÍDICO-SOCIAL / Economía & Empresa | Economía Aplicada 1 | 36 | 24 | | | | | 60 |
| 129 | XURÍDICO-SOCIAL / Economía & Empresa | Economía Aplicada 2 | 27 | 11 | | | | | 38 |
| 130 | XURÍDICO-SOCIAL / Economía & Empresa | Economía Financiera e Contabilidade | 27 | 22 | 62 | 15 | 36 | 22 | 184 |
| 131 | XURÍDICO-SOCIAL / Economía & Empresa | Fund Análise Económica,Historia,institucións Económicas | | | 36 | 0 | | | 36 |
| 132 | XURÍDICO-SOCIAL / Economía & Empresa | Fundamentos da Análise Económica | | | | | 23 | 11 | 34 |
| 133 | XURÍDICO-SOCIAL / Economía & Empresa | Historia e Institucións Económicas | | | | | 12 | 4 | 16 |
| 134 | XURÍDICO-SOCIAL / Economía & Empresa | Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa | | | | | 34 | 5 | 39 |
| 135 | XURÍDICO-SOCIAL / Economía & Empresa | Organización de Empresas e Comercialización | | | | | 34 | 8 | 42 |
| 136 | XURÍDICO-SOCIAL / Economía & Empresa | Organización de Empresas e Marketing | | | 98 | 22 | | | 120 |
| 137 | XURÍDICO-SOCIAL / Socioloxí | Socioloxía | | | | | 17 | 3 | 20 |
| 138 | XURÍDICO-SOCIAL / Socioloxí | Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía | | | 28 | 0 | | | 28 |
| 139 | XURÍDICO-SOCIAL / Socioloxí | Socioloxía e Ciencia Política da Administración | 31 | 25 | | | | | 56 |
| 140 | XURÍDICO-SOCIAL / CC | Ciencias da Comunicación | | | | | 25 | 34 | 59 |
| 141 | XURÍDICO-SOCIAL / CC | Ciencias Políticas e Administración | | | | | 19 | 36 | 55 |
| 142 | XURÍDICO-SOCIAL / CC.E. | Teoría e Historia da Educación | | | | | 21 | 33 | 54 |
| 143 | XURÍDICO-SOCIAL / CC.E. | Métodos e Téc.Investigación en CC. Do Comportamento | | | | | 23 | 16 | 39 |

Como resultado, as seguintes gráficas amosan os usuarios potenciais por universidade e por ámbitos de coñecemento dentro da mesma.










*O ámbito de coñecemento Ciencias e Tecnoloxía, engloba Ciencias Experimentais, Ciencias da Saude e Tecnoloxía.

Do cómputo total dos profesores e os alumnos de terceiro ciclo das tres universidades galegas, obtense que os usuarios potenciais de Bugalicia no 2003 foron **8.067**, distribuídos da seguinte maneira por universidade:




Na seguinte gráfica amósanse en porcentaxes os resultados anteriores.



A gráfica seguinte representa a distribución dos usuarios potenciais de BUGALICIA por ámbitos de coñecemento




Na seguinte gráfica amósanse os resultados anteriores en porcentaxes.



Vemos agora unha relación dos nosos usuarios potenciais co número de bases de datos, coa porcentaxe do noso orzamento invertida nelas e coa porcentaxe de consultas, todo distribuído por ámbitos de coñecemento.










*O ámbito de coñecemento Ciencias e Tecnoloxía, engloba Ciencias Experimentais, Ciencias da Saude e Tecnoloxía.

As seguintes tres táboas amósan tres táboas a cobertura das bases de datos por usuarios potenciais, agrupados por ámbitos de coñecemento, e relacionadas co número de consultas e co pvp por consulta da base de datos en cuestión. Obtéñense as seguintes táboas-resultados:

## ➢ TÁBOA: HUMANIDADES

| HUMANIDADES | TOTAL |
|---|---|
| PROFESORES | 740 |
| ALUMNOS 3* | 605 |
| **TOTAL** | **1.345** |

| | PROF/ALUM. | CONSULTAS | PVP/CONSUL. |
|---|---|---|---|
| LLBA | 787 | 6.573 | 1,01 I |
| MLA | 723 | 18.149 | 0,98 I |
| PHILOSOPHER IND. | 29 | 4.257 | 0,91 I |
| HISTORICAL ABST. | 410 | 363 | 45,30 I |
| PCI | 1253 | 2.777 | 24,78 I |
| HUMANITIES INDEX | 1253 | 6.301 | 0,94 I |

* Nota: Acta Sanctorum no se incluye porque se trata de una base de datos de compra.

## ➢ TÁBOA: CIENCIAS E TECNOLOXÍA

| CIENCIA E TECNOLOXÍA | TOTAL |
|---|---|
| PROFESORES | 2752 |
| ALUMNOS 3* | 1619 |
| **TOTAL** | **4.371** |

| | PROF./ALUM. | CONSULTAS | PVP/CONSULTA |
|---|---|---|---|
| AGRIS | 529 | 41.606 | 0,15 I |
| BIOLOGICAL ABST. | 544 | 58.033 | 0,49 I |
| LIFE SCIENCES | 544 | 30.165 | 0,88 I |
| SOIL CD | 701 | 11.424 | 0,90 I |
| ANALITICAL ABST. | 1108 | 25.318 | 0,29 I |
| INSPEC | 2217 | 27.105 | 2,21 I |
| SCIFINDER | 1108 | 141.390 | 1,21 I |
| MATHSCIDISK | 318 | 6.206 | 3,69 I |
| MATHSCNET | 318 | 41.743 | 0,18 I |
| AQUALINE | 206 | 2.825 | 3,88 I |
| ASFA | 206 | 27.963 | 0,72 I |
| IPA | 62 | 8.632 | 0,42 I |
| MEDLINE | 867 | 81.692 | 0,11 I |
| GEOBASE | 236 | 10.974 | 1,84 I |
| PASCAL | 2251 | 49.296 | 0,25 I |
| FSTA | 1045 | 13.114 | 1,38 I |
| APID | 130 | 279 | 8,20 I |
| EI COMPENDEX | 1571 | 23.669 | 2,37 I |
| URBADISC | 130 | 778 | 1,34 I |

*O ámbito de coñecemento Ciencias e Tecnoloxía, engloba Ciencias Experimentais, Ciencias da Saude e Tecnoloxía.

## ➢ TÁBOA: XURÍDICO-SOCIAL

| XURÍDICO-SOCIAL | TOTAL |
|---|---|
| PROFESORES | 1428 |
| ALUMNOS 3* | 923 |
| **TOTAL** | **2.351** |

| | PROF/ALUM. | CONSULTAS | PVP/CONSUL. |
|---|---|---|---|
| ARANZADI | 601 | 3.213 | 11,22 I |
| LA LEY | 601 | 5.362 | 1,18 I |
| ABI/Inform | 761 | 10.199 | 8,05 I |
| ECONLIT | 761 | 16.045 | 0,57 I |
| SABI | 761 | 4.894 | 4,00 I |
| ERIC | 197 | 14.161 | 0,42 I |
| FRANCIS | 930 | 13.771 | 0,51 I |
| PSYCINFO | 2561 | 55.635 | 1,87 I |

Nas tres táboas representamos as bases de datos coa súa cor correspondente, xunto cos usuarios (profesores máis alumnos de terceiro ciclo), o número de consultas ás bases de datos no 2003 e o coste da consulta, resultante da división do prezo da base de datos polo número de consultas realizadas.

A modo de resumo, reseñar o coste medio das consultas por ámbitos de coñecemento, tendo en conta os valores absolutos de usuarios, consultas e prezos distribuidos por ámbitos de coñecemento.

| ÁMBITOS DE COÑECEMENTO | usuarios totales | consultas tot. | pvp total | Consult./usuario | Media pvp/consulta |
|---|---|---|---|---|---|
| HUMANIDADES | 1.345 | 38.420 | 119.447,52 € | 28,57 | 3,11 € |
| XURIDICO SOCIAL | 2.351 | 123.280 | 270.141,92 € | 52,44 | 2,19 € |
| CIENCIA e TECNOLOXÍA | 4.371 | 602.212 | 494.309,00 € | 137,77 | 0,82 € |
| **TOTAL** | **8.067** | **763.912** | **883.898,44 €** | | |



## 1.4.-ANÁLISE DAS COLECCIÓNS DE REVISTAS DAS UNIVERSIDADES

En relación co punto 1.4. do Plan de Actividades do 2003, *"Estudio das coleccións de revistas das tres universidades como punto de partida para a posible contratación conxunta a través do Consorcio de paquetes de revistas electrónicas de interese para a comunidade académica galega",* os membros do Consello de Goberno expresan xa no mes de abril a vontade das universidades galegas de negociar conxuntamente a compra de paquetes de revistas electrónicas coa intención de facelos accesibles dende o 1 de xaneiro do 2004.

Como punto de partida, o primeiro foi estudiar as tres coleccións de revistas de cada unha das universidades e poñelas en común co fin de ver os editores nos que maiormente coincidían e poder así estudiar os paquetes de revistas que foran de interese común á comunidade investigadora das tres institucións universitarias.

Deste estudio preliminar dos títulos que tiñan suscritos ás tres universidades galegas , extráense as seguintes conclusións:

- 12 editores acumulan máis do 33% da colección das tres universidades.
- 1.234 editores con menos de 5 títulos repártense o 33% da colección.

Ademáis, visto xa que das máis das 85.000 revistas referenciadas nas bases de datos contratadas no 2003, só o 50% son únicas e o 50% restante están duplicadas, a Comisión Técnica do Consorcio decidiu analizar detidamente a colección das bases de datos contratadas, co fin de poder tomar decisións encamiñadas á cancelación daquelas que ofreceran menor valor engadido e poder así optimizar a inversión na contratación de recursos electrónicos.

A decisión de cancelar bases de datos con escasa información única, tivo como resultado liberar unha parte do orzamento dedicado ás inversións e que se podería destiñar no 2004 á compra de revistas electrónicas.

Deste xeito, dende o mes de xuño a Comisión Técnica do Consorcio, na que están presentes os directores das tres bibliotecas universitarias, reuniuse periódicamente co fin de decidir os recursos electrónicos a contratar no 2004.

As Comisións de Bibliotecas das universidades estiveron informadas en todo momento das decisións que se viñan tomando no Consorcio e delas saíron as propostas das revistas a contratar.

Postas en común as peticións das tres universidades, a Comisión Técnica elaborou un listado daquelas que mellor recollían o interese común das universidades galegas.

Foron moitas as ofertas dos diferentes editores estudiadas, moitas as reunións mantidas e moito o traballo desenvolvido e co tempo en contra; pero unha vez máis a colaboración das bibliotecas universitarias galegas deu o seus froitos.

Dende agora ás bases de datos referenciais e ós libros electrónicos, úneselles o acceso ós máis de 14.000 documentos electrónicos, entre revistas, normas e procedementos.

As revistas máis prestixiosas do eido científico a nivel mundial pasan a enriquecer de xeito moi significativo a colección de recursos electrónicos albergada en BUGALICIA. Entre elas atópanse: Elsevier, IEE, Kluwer, Springer, Wiley e JSTOR, así como revistas imprescindibles no mundo das ciencias como Nature e Science Online.

O total dos contratos das revistas electrónicas que se estaban a negociar ascendía a **2.881.165,10 €,** polo que os recursos económicos propios do Consorcio non chegaban para facer fronte ó total das contratacións e tiveron que ser as universidades as que puxeron dos seus propios orzamentos do 2004, a cantidade de 2.139.387,67 € e o Consorcio facer frente ós 741.777,43 € restantes .

## 2.- SERVICIO DE APOIO ÁS TIC NAS BIBLIOTECAS

Está amplamente documentada na literatura técnica a importancia das Tecnoloxías da Información no desenvolvemento da cooperación bibliotecaria.

Especialmente nos últimos anos pódese observar unha auténtica explosión das redes de colaboración bibliotecaria, no sentido de ofrecer servicios comúns, definir políticas de adquisición conxuntas e en xeral, tomas de decisión compartidas que van a afectar á fisonomía e ó modelo de biblioteca de cada unha das institucións copartícipes.

Non só son necesarias unhas Tecnoloxías de Información adecuadas; aspectos como a adopción de normas e ferramentas comúns son factores que sen dúbida farán máis ou menos doada esta colaboración.

A "visibilidade" que aportan as novas tecnoloxías, como Internet, facilitou enormemente a conxuntura política adecuada para o desenvolvemento destas colaboracións.

Estas consideracións previas serviron de marco para a xénesis do noso Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

Para levar adiante o modelo que se pretendía alcanzar en canto ó alto nivel de colaboración e prestación de servicios comúns, pensouse que ía ser moito máis doado sobre un único sistema de xestión de bibliotecas.

Valorouse moi positivamente no momento da selección a flexibilidade do sistema implantado, en canto que permitía diferentes configuracións arquitectónicas para un modelo de consorcio, con tecnoloxía cliente servidor en calquera das súas opcións :

- ✓ Servidor único compartido. Garantindo un certo grao de independencia de cada unha das institucións que comparten o servidor.
- ✓ Un servidor por cada institución, unidos todos eles por un sistema INN-Reach.
- ✓ Unha combinación das dúas anteriores opcións nas que pode haber varios servidores compartidos por máis dunha institución, e conectados todos eles entre sí co sistema INN-Reach.

Esta flexibilidade arquitectónica permitiría co tempo modificar a arquitectura elixida en función das necesidades futuras das institucións integrantes no Consorcio.

O sistema elixido foi Millennium da empresa Innovative Interfaces e así no ano 1999 comeza a súa implantación na Universidade de Vigo, xa que era a única que non tiña implantado ningún sistema de xestión de bibliotecas.

A súa implantación nas outras dúas universidades retrásase porque a configuración arquitectónica do sistema elixida inicialmente foi un servidor único compartido para as tres uiversidades o que entraba en conflicto coa propia autonomía das universidades, ó non permitirlles a independencia necesaria e marcada pola lei para a xestión das súas bibliotecas.

A modificación deste erróneo deseño inicial, non se retomou formalmente ata a creación oficial do Consorcio.

E non vai ser ata finais do 2002, cando o Consello de Goberno aprobe a compra dos dous novos sistemas Millennium para as universidades de A Coruña e Santiago de Compostela, aceptando así o erro inicial e elixindo a opción dun servidor para cada institución.

Este novo enfoque viría acompañado de novas opcións de implantar Millennium, no sentido de adquirir o sistema coa base de datos propietaria ou en Oracle. A Universidade de Santiago optou polo sistema coa base de datos Millennium e a Universidade de A Coruña pola súa implantación en Oracle.

Ademáis na liña de cumprir ó máximo coas necesidades dos usuarios das tres universidades galegas, adquiríronse novos productos, negociáronse máis servicios e contratáronse desenvolvementos específicos.

Vistas estas consideracións iniciais, a Universidade de A Coruña decidiu retrasar a implantación ata o 2004 e a Universidade de Santiago comezou axiña a posta en marcha de Millennium neste ano 2003.

Deste xeito, o 15 de xaneiro do 2003 celebrouse a reunión de arranque de proxecto na USC, na que se estableceu un calendario de implementación que foi cumprido estrictamente ó longo do ano, gracias ó duro traballo do persoal da USC .

Neste ámbito da unificación dos sistemas de xestión das biliotecas das universidades galegas, no plan de actividades do 2003 do Consorcio, facíase referencia á colaboración por parte do persoal do Consorcio nas seguintes liñas de actuación:

1. Colaboración no proxecto de unificación das aplicacións das tres bibliotecas universitarias.

   Neste punto, nun intento de apoiar ó maximo o persoal da USC, a bibliotecaria do sistema do Consorcio colaborou nesta implementación, traballando no día a día co persoal da USC.
   Así como atendendo ás dúbidas plantexadas polo persoal da UDC antes da posta en marcha da súa implantación de Millennium.

2. Colaboración coa Universidade de Vigo na administración e xestión do sistema de bibliotecas Millennium sito no Consorcio.

   Con respecto a esta colaboración xa establecida dende o inicio do Consorcio, o persoal do Consorcio traballa co persoal da UVI na administración conxunta do sistema que alberga a base datos de xestión da biblioteca universitaria de Vigo e as bases de datos de catálogos colectivos que xestionan os recursos do Consorcio.

**É importante reseñar que o coñecemento adquirido polo persoal do Consorcio na administración e xestión do sistema Millennium permítenos ser un punto de referencia á hora de ser requeridos noutras colaboracións a nivel galego, participando na creación da Rede de bibliotecas públicas de Galicia sobre o sistema Millennium e a nivel nacional, participando no Comité Ejecutivo do Grupo Español de Usuarios de Innopac/Millennium (GEUIN), aspectos dos que se falará máis adiante no apartado das colaboracións do Consorcio .**

# 3.- SERVICIO DE APOIO Á FORMACIÓN CONTINUADA DO PERSOAL BIBLIOTECARIO.

Unha das tarefas que desempeñou o ano pasado o Consorcio foi a de coordinar unha serie de formacións, a maior parte presenciais e as menos online, relativas ás bases de datos que neste ano 2003 tiñamos contratadas.

Asimesmo o Consorcio organizou un curso o 3 e 4 de abril sobre *Avaliación de recursos electrónicos*, no que contou coa participación dun experto neste eido, Don Lluis Codina, profesor da Universidade Pompeu Fabra.
Máis de 70 persoas asistentes, repartidas entre o persoal bibliotecario das tres universidades galegas participaron no curso, ó ser impartido a través de videoconferencia.

O resumo da formación do ano 2003 pódese visualizar na seguinte táboa:

| Datas | Ubicación | Recurso | Descrición |
|---|---|---|---|
| 5/02 | B | Bowker | Presentación de novos productos para publicaciones seriadas. |
| 10, 11 e 12 /03 | C – S – V | La Ley Nexus | Formación na plataforma de La Ley Nexus |
| 17, 18 e 19/03 | C – B – V | Webspirs 5 | Presentación da nova versión de Webspirs |
| 3 e 4 /04l | B | C.E.R.E. | Curso Avaliación de Recursos Electrónicos |
| 8, 9 e 11/04 | C – B – V | Aqualine | Formación de Aqualine |
| 23, 24 e 25 /04 | C – S – V | Scifinder | Formación de Scifinder Scholar |
| 5, 6 e 7/05 | C – S – V | Westlaw | Formación de Westlaw, Aranzadi |
| 13, 14 e 15 /05 | C – B – V | WOK | Formación da nova plataforma de ISI Web of Knowledge |
| 18/11 | S | Inspec | Formación da base de datos INSPEC sobre ISI Web of Knowledge |

**C:UDC S: USC V:UVI B: BUGALICIA**

# 4.- COLABORACIÓNS NOUTRAS INICIATIVAS DE COOPERACIÓN BIBLIOTECARIA

1. **No ámbito galego:**
    - Colaboración coa Consellería de Cultura no seu proxecto da posta en marcha da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.
    - Colaboración cos Centros de Investigación de Galicia, analizando a viabilidade da súa incorporación ó Consorcio.
2. **A nivel nacional:**
    - Colaboración co Grupo Español de Usuarios de Innopac (GEUIN) como membros do Comité Directivo.

## 1. Colaboración coa Consellería de Cultura no seu proxecto da posta en marcha da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Dende os seus comezos o Consorcio ven colaborando no día a día da posta en marcha do proxecto da incorporación das bibliotecas municipais e de especial interese para Galicia a un sistema integrado e centralizado de xestión bibliotecaria en rede.

## 2. Colaboración cos Centros de Investigación de Galicia, analizando a viabilidade da súa incorporación ó Consorcio.

Ó longo do 2003 varios Centros de Investigación dependentes da Xunta de Galicia viñeron expresando o seu interese por acceder ós recursos electrónicos de BUGALICIA.

Este tema foi tratado con moito interese polos membros do Consello de Goberno do Consorcio, en prol do desenvolvemento da producción científica galega.

Realizáronse uns cuestionarios a finais do 2003 dirixidos ós Centros de Investigación co fin de que nos indiquen aqueles recursos de maior interese para cada un deles e de poder estudiar cos provedores a ampliación das licencias dos recursos solicitados.

Este feito podería significar a apertura definitiva do Consorcio a outras institucións do ámbito cientítfico galego.

## 3. Colaboración co Grupo Español de Usuarios de Innopac (GEUIN) como membros do Comité Directivo.

En marzo de 2003 a Secretaría do Comité Directivo do Grupo Español de Usuarios de Innopac (GEUIN) recaeu no Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, co fin de actuar na interlocución coa empresa Innovative Interface en nome dos membros do grupo de usuarios.

Outra das tarefas mais relevantes é a de albergar, manter e impulsar a Web de Geuin. Isto materializouse na hospedaxe do portal web (PHP) e da base de datos (MySQL) que, ata o de agora, estaba a recaer na Universidade Pablo Olavide (Sevilla).

Coa análise da web xurdiron novas necesidades:

- Actualizar parte da interfaz.
- Actualización de datos de membros e usuarios.
- Creación de novas seccións.
- Carga de datos nas novas seccións
- Eliminación das seccións sen uso.
- Dar de alta listas de distribución de correo electrónico.

O primeiro foi realizar unha pequena adaptación de gráficos e mostra das seccións sen variar demasiado a estructura orixinal para non crear confusión ós usuarios:



Fixéronse as modificacións pertinentes nas seccións de obxectivos e membros, e completouse a sección de directorio con todos aqueles membros de Geuin que non aparecían ata o momento. Ademáis actualizáronse para todos eles os datos de contacto, web e catálogo e coa intención de facilitar a actualización de datos dos usuarios existentes creouse unha sección para modificar o perfil.

Desenvolveuse unha nova sección de documentos relacionados coas melloras das “release”, así como outra nova sección de documentos relacionados cos diferentes módulos do sistema que pretenden recoller os distintos manuais de cada unha de estas áreas.

Unha nova sección que consideramos de moita utilidade é a de recollida dos parámetros de configuración de servidores z39.50.

Co fin de mostrar as presentacións expostas durante as asembleas de Geuin, creouse outra nova sección e, na misma liña, creouse unha área de intercambio e posta en común dos traballos, guións e manuais que fan particularmente os usuarios do grupo.

E xa por último, co obxectivo de dinamizar GEUIN creáronse unhas listas de distribución a través do correo electrónico. Ata o momento hai dúas listas, unha xeral destinada ós usuarios de Millennium e outra mais específica para que os informáticos responsables dos sistemas poidan intercambiar información técnica relativa ás súas funcións.

# 5.- A DIFUSIÓN DOS SERVICIOS: A WEB DE BUGALICIA

A nosa páxina web sempre vai a ser un aspecto ó que lle imos prestar especial atención, ó ser a imaxe de BUGALICIA, espello das nosas actuacións.
Neste ano 2003 fíxose un especial esforzo por mantela actualizada como ferramenta de información e achegamento ós usuarios.

É por isto que cabe salientar nesta memoria algunhas das súas seccións, novas ou renovadas.

**1.- Recursos na web:**

<u>1.1.1.- Bases de datos:</u>
Como en anos anteriores, o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia pon á disposición das tres universidades galegas unha completa colección de bases de datos referenciais.

Como complemento ás bases de datos xa contratadas, o Consorcio ven mantendo un constante diálogo cos diversos provedores co fin de ofrecer períodos de proba doutras bases de datos ou das que xa temos, pero en diferentes plataformas de busca, tratando así de paliar, na medida do posible, a hexemonía coa que ata agora viñan xogando os provedores nas negociacións.

Deste xeito, ó longo do 2003 o Consorcio chegou a dar acceso dende a súa páxina web a 39 bases de datos en proba de diversos editores como CSA, Elsevier, Proquest, Ebsco, El Derecho, Galegroup ou ISI.

<u>1.1.2.- Revistas electrónicas</u>:
O traballo que o Consorcio executou no último cuadrimestre do ano 2003, veu claramente marcado polas negociacións nas contratacións de revistas electrónicas de interese común ás tres universidades galegas.

A inxente cantidade de recursos electrónicos novos que isto xerou, mais de 14.000 novas entradas, fixo xurdir a necesidade de por ó dispor do

usuario final algún método de ordenación e busca dos devanditos recursos.

En primeiro lugar veuse facer un gran esforzo por tratar de homoxeneizar os datos que os provedores aportan cos seus precarios listados de títulos, tratando así de buscar unha estructura válida e flexible en cada caso. Este estudio finou na confección dunha base de datos coa seguinte estructura:



revistas : Tabla

| Nombre del campo | Tipo de datos | Descripción |
|---|---|---|
| id | Autonumérico | |
| issne | Texto | |
| issnp | Texto | |
| editor | Texto | |
| titulo | Texto | |
| url | Texto | |
| idioma | Texto | |
| current | Texto | |
| observaciones | Texto | |
| materias | Texto | |
| visible | Sí/No | |
| visitas | Número | |
| nuevo | Sí/No | |
| formato | Texto | |
| fecha_alta | Fecha/Hora | |
| fecha_baja | Fecha/Hora | |

Propiedades del campo

General | Búsqueda

| | |
|---|---|
| Tamaño del campo | Entero largo |
| Nuevos valores | Incrementalmente |
| Formato | |
| Título | |
| Indexado | Sí (Sin duplicados) |

Velaquí un exemplo aplicado da táboa:



revistas : Tabla

| issne | issnp | editor | titulo | url | idioma | current | observaciones | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 16969626 | | iustel | Revista General de Derecho del Tra | http://www.iustel.com/revistas | Español | | | Der |
| 16787714 | 16787544 | springer | Bulletin of the Brazilian Mathematic | http://www.springerlink.com/li | Ingles | 33/1 (2002) | Springer-Verlag Heid | Ma |
| 16513215 | | jstor | Geografiska Annaler | http://www.jstor.org/journals/1 | Ingles | 1919-1964 | Swedish Society for | |
| 1649248X | | bsp | Irish journal of management : the jo | http://search.epnet.com/direc | Ingles | Apr 2001- | Oak Tree Press | |
| 16481412 | | bsp | Asia Pacific Coatings Journal | http://search.epnet.com/direc | Ingles | Apr 2000- | DMG Business Medi | |
| 1631073X | | elsevier | Comptes Rendus - Mathmatique | http://www.sciencedirect.com | Ingles | | (Formerly known as | |
| 16199995 | 16199987 | springer | Fuss & Sprunggelenk | http://www.springerlink.com/li | Aleman | 1/1 (2003) | Steinkopff Verlag | Erw |
| 16197089 | 16197070 | springer | European Journal of Nuclear Medici | http://www.springerlink.com/li | Ingles | 24/3 (1997) | Springer-Verlag Heid | Me |
| 16196937 | 00015970 | springer | Acta Mechanica | http://www.springerlink.com/li | Ingles | | Springer-Verlag Wier | Eng |
| 16191580 | 09599851 | springer | Clinical Autonomic Research | http://www.springerlink.com/li | Ingles | 12/1 (2002) | Steinkopff Verlag | Me |
| 16191374 | 16191366 | springer | Software and Systems Modeling | http://www.springerlink.com/li | Ingles | 1/1 (2002) | Springer-Verlag Heid | Cor |
| 16190904 | 14347229 | springer | Journal of Artificial Organs | http://www.springerlink.com/li | Ingles | 5/1 (2002) | Springer-Verlag Toky | Me |
| 16189558 | 1618954X | springer | Clean Technologies and Environme | http://www.springerlink.com/li | Ingles | 1/1 (1998) | Springer-Verlag Heid | Eng |
| 16187601 | 16187598 | springer | The European Journal of Health Ecc | http://www.springerlink.com/li | Ingles | 0/0 (2000) | Springer-Verlag Heid | Eco |
| 16187512 | 16187504 | springer | International Journal of Asian Mana | http://www.springerlink.com/li | Ingles | 1/1 (2001) | Springer-Verlag Toky | |
| 1618727X | 08971889 | springer | Journal of Digital Imaging | http://www.springerlink.com/li | Ingles | 14/1 (2001) | Springer-Verlag New | Me |
| 1618565X | 16185641 | springer | Comparative Clinical Pathology | http://www.springerlink.com/li | Ingles | 9/1 (1999) | Springer-Verlag Lonc | Me |
| 16183932 | 01689673 | springer | Acta Mathematicae Applicatae Sini | http://www.springerlink.com/li | Ingles | | Springer-Verlag Heid | Che |
| 16182863 | 16180240 | wiley | Engineering in Life Sciences | http://www3.interscience.wile | Ingles | PDF:1,1,2001 | Now incorporating Ai | |
| 16182650 | 16182642 | springer | Analytical and Bioanalytical Chemis | http://www.springerlink.com/li | Ingles | 353/2* (1995) | Springer-Verlag Heid | Che |
| 16182545 | 13403540 | springer | Mycoscience | http://www.springerlink.com/li | Ingles | 43/1 (2002) | Springer-Verlag Toky | Life |
| 16182510 | | bsp | Statistical Methods & Applications | http://search.epnet.com/direc | Ingles | Apr 2002- | Full Text Delay: 12 n | |
| 16181913 | 00738301 | springer | Publications Mathématiques de L'IH | http://www.springerlink.com/li | Ingles | 93/1 (2001) | Springer-Verlag Heid | Ma |
| 16181905 | 11396709 | springer | International Microbiology | http://www.springerlink.com/li | Ingles | | Springer-Verlag Heid | |
| 16181891 | 03733114 | springer | Annali di Matematica Pura ed Appli | http://www.springerlink.com/li | Ingles | 180/1 (2001) | Springer-Verlag Heid | Ma |
| 16181255 | 16181247 | springer | Odontology | http://www.springerlink.com/li | Ingles | 89/1 (2001) | Springer-Verlag Toky | Me |

Registro: 30 de 14286

Como interfaz para a busca e acceso a todos estes elementos optouse por unha presentación que permite tres modalidades de busca:

A - Busca textual por diversos campos (Título, Issn, Editor ...)

B - Busca alfabética sobre o listado completo de títulos.

C - Busca alfabética sobre o listado de títulos de cada editor.




O resultado da busca pode vir reflectido en dúas pantallas de resultados ben diferentes, unha primeira pantalla para as buscas de texto libre (A):



E unha segunda pantalla para o acceso ós listados alfabéticos (B e C):




Como complemento informativo, dende a web pódese consultar unha ficha cunha breve descrición do producto que está contratado co devandito editor e descargar o manual de uso cando o editor o facilita.




1.1.3.- Libros electrónicos:

Neste ano 2003 o Consorcio tamén comezou a ofrecer unha ampla lista de títulos de informática en formato electrónico, da colección Safari Tech Books Online, reciclando algúns deles en función das solicitudes das universidades e das estatísticas de uso.

## 1.2.- Formación:

O calendario de formación é sempre accesible de forma actualizada dende a páxina web:




Tamén no apartado de formación ponse a dispor de profesionais e usuarios unha ampla serie de tutoriais actualizados dos cursos organizados polo Consorcio.



## 1.3.- Noticias:

Co fin de manter á comunidade de usuarios ó tanto de todas as novidades ou períodos de proba que se poñen ó seu dispor, o Consorcio mantén unha sección de novas relacionadas coa súa propia actividade.

Do mesmo xeito e coa intención de manternos actualizados nas novidades relativas á actividade científica, o Consorcio ven recadando as novas da prensa diaria referentes á labor investigadora nas universidades galegas ou relativas á innovación e desenvolvemento da comunidade autónoma.




## 1.4.- Enlaces:

Neste apartado preténdese ofrecer ós usuarios unha colección de enlaces ós recursos gratuítos de utilidade contrastada, coa intención de achegarlles unha guía dinámica de busca de recursos.

## 1.5.- Estatísticas:

Sendo conscentes da importancia que teñen as estatísticas na avaliación da colección dos recursos, o Consorcio ven a recadar e publicar do xeito máis homoxéneo e transparente posible as estatísticas de uso dos devanditos recursos.




E seguendo coas estatísticas, amósanse agora os accesos á nosa páxina web e ós recursos contratados.

- **Accesos ó servidor web de Bugalicia:**
  No seguinte cadro vense as **28.742** veces que se accedeu á web do Consorcio http://www.bugalicia.org e dende onde se fixeron estes accesos.

| País de procedencia | | | |
|---|---|---|---|
| 1. | España | 27472 | 95.6 % |
| 2. | México | 237 | 0.8 % |
| 3. | Estados Unidos | 148 | 0.5 % |
| 4. | Portugal | 124 | 0.4 % |
| 5. | Argentina | 103 | 0.4 % |
| 6. | Reino Unido | 73 | 0.3 % |
| 7. | Venezuela | 65 | 0.2 % |
| 8. | Colombia | 59 | 0.2 % |
| 9. | Perú | 51 | 0.2 % |
| 10. | Francia | 48 | 0.2 % |
| | Desconocido | 81 | 0.3 % |
| | El resto | 281 | 1.0 % |
| | Total | 28742 | 100.0 % |

*O número total de páxinas solicitadas ó servidor web do consorcio o longo do ano 2003 ascendeu a 1.324.999.*

- **Redirecciónsós recursos electrónicos realizadas polo servidor BUGALICIA:**

No seguinte cadro amósanse as **134.983** veces que se tratou de acceder a un recurso a través de Bugalicia e podemos apreciar que algunhas persoas de outros países de lingua hispana acceden ós nosos recursos.

| País de procedencia | | | |
|---|---|---|---|
| 1. | España | 131282 | 97.3 % |
| 2. | México | 668 | 0.5 % |
| 3. | Portugal | 453 | 0.3 % |
| 4. | Estados Unidos | 375 | 0.3 % |
| 5. | Argentina | 285 | 0.2 % |
| 6. | Perú | 199 | 0.1 % |
| 7. | Venezuela | 197 | 0.1 % |
| 8. | Colombia | 192 | 0.1 % |
| 9. | Chile | 167 | 0.1 % |
| 10. | Reino Unido | 99 | 0.1 % |
| | Desconocido | 236 | 0.2 % |
| | El resto | 830 | 0.6 % |
| | Total | 134983 | 100.0 % |

Nesta gráfica avalíase o período dun ano, en concreto dende marzo do 2003 ata febreiro do 2004, o que nos permite concluír que ó final do ano e comezo do novo son os meses de maior demanda dos recursos.



# ANEXOS

## ÓRGANOS DE GOBERNO

Durante o ano 2003 a Presidencia do Consorcio recaeu en Eduardo García-Rodeja Gayoso, Vicerrector de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela.

O **Consello de Goberno** do Consorcio reuniuse en dúas ocasións ó longo do 2003, o 30 de abril e o 19 de decembro.

Neste ano, os representantes das institucións que integran o Consello de Goberno do Consorcio foron os seguintes:

**Pola USC:**

Eduardo García-Rodeja Gayoso

Vicerrector de Investigación e Innovación

Presidente do Consello de Goberno do Consorcio Bugalicia

Miguel Angel Bastos Boubeta

Presidente da Comisión da Biblioteca da universidade

**Pola UDC:**

Alejandro Pazos Sierra

Vicerrector de Investigación

Nieves Rodriguez Brisaboa

Adxunta ó Vicerrectorado de Innovación Tecnololóxica

**Pola UVI:**

Salustiano Mato de la Iglesia

Vicerrector de Investigación

Jorge Figueroa Dorrego

Presidente da Comisión da universidade

**Pola Xunta de Galicia:**

Eduardo López Pereira

Director Xeral de Universidades

Pedro Merino Gómez

Director Xeral de I+D

Vicepresidente do Consello de Goberno do Consorcio Bugalicia

Ignacio Otero López

Director Xeral de Comunicación e Audiovisual

**Polo CESGA:**

Javier García Tobío

Director Xerente

**Por Bugalicia:**

Victoria Millor Rego

Directora Técnica

A **Comisión Técnica** do Consorcio reuniuse periódicamente ó longo do 2003 nas seguintes datas:

- ✓ 5 de abril
- ✓ 4 de xuño
- ✓ 1 de xullo
- ✓ 5 de setembro
- ✓ 8 de outubro
- ✓ 21 de novembro

Neste ano, os representantes das institucións que integran a Comisión Técnica do Consorcio foron os seguintes:

**Pola USC:**

Eduardo García-Rodeja Gayoso

Vicerrector de Investigación e Innovación

Presidente da Comisión Técnica do Consorcio Bugalicia

Pilar González Nóvoa

Subdirectora da Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela

**Pola UDC:**

Juan José Fuentes Romero

Director da Biblioteca da Universidade de A Coruña

**Pola UVI:**

Gerardo Marraud González

Director da Biblioteca da Universidade de Vigo

**Por Bugalicia:**

Victoria Millor Rego

Directora Técnica

## O PERSOAL DO CONSORCIO:

Ó longo do 2003, incorporáronse á plantilla do Consorcio, becarios e persoal do Plan Labora da Xunta de Galicia, co fin de poder executar tódolos proxectos encomendados no 2003.

**Persoal laboral:**

- ✓ Victoria Millor Rego
  Directora Técnica
- ✓ Bárbara González Núñez
  Bibliotecaria de Sistemas
- ✓ Vicente Piñeiro Vázquez
  Técnico de Sistemas

**Persoal adscrito a proxectos:**

1. Proxecto do estudio de solapamento das bases de datos contratadas polo Consorcio e estudio dos usuarios potenciais de Bugalicia.
   - ✓ Mar Rego López
   - ✓ Ignacio Alonso Martín

   **Becarios cedidos pola Consellería de Cultura no marco do Convenio de colaboración no proxecto da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.**

2. Proxecto da corrección de duplicados nas bases de datos do Consorcio.
   - ✓ Carmen Balsa Breijo

   **Persoal da empresa Xesdoc, adxudicataria do proxecto**

3. Proxecto da posta en marcha da bases de datos que albergarán no 2004 o catálogo colectivo de recursos electrónicos.
   - ✓ Andrea Burillo Rodríguez
   - ✓ Berta Picado Redondo

   **Persoal contratado a través do Plan Labora da Xunta de Galicia**

En setembro do 2003, debido a cantidade de tarefas periódicas e proxectos puntuais ós que o persoal do consorcio estivo ligado fíxose

necesario o desenvolvemento dunha ferramenta interna de control e xestión, nun intento de mellorar o tempo de resposta nas tarefas a realizar polo Consorcio.

**A nosa intranet** permítenos levar un control e xestión das incidencias acaecidas no día a día e priorizar os traballos xa establecidos, co fin de organizar o noso tempo en función da importancia de cada tarefa.

Eiquí recollemos o xestor das incidencias que se están a producir cada día, de modo que queden reflectidas e arquivadas e podamos retomalas en caso de que non se poidan resolver no mesmo momento ou asignarllas ó responsable en cada caso.




Cada incidencia queda delimitada en orixe e tempo de duración para un posterior control estatístico.

Nesta intranet tamén se desenvolveu o xestor de contidos da sección de novas da nosa web pública, cunha interfaz sinxela de carga e de consulta de datos, así como a axenda de contactos do Consorcio, tamén cunha interfaz única de xestión e busca.

## EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO 2003

O orzamento do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia para o ano 2003, aprobado polo Consello de Goberno con data seis de novembro de 2002, ascendeu a **1.869.147,51 €.** Este orzamento inicial vese incrementado ó longo do 2003 da seguinte maneira:

- Na reunión do Consello de Goberno con data trinta de abril de 2003 apróbase a incorporación do remanente do ano 2002 ó exercicio do 2003 sendo finalmente este remanente de **361.305,64€,** despois de ter en conta tanto os gastos como os ingresos financeiros do devandito exercicio.
  Este remanente distribúese da seguinte maneira no orzamento do 2003:

| **Total remanente 2002** | **361.305,64 €** |
|---|---|
| A Gastos correntes do 2003 | 24.121,22 € |
| A Inversións do 2003 | 337.184,42 € |

- Incorpóranse tamén **15.673,94 €** ós gastos correntes do 2003**,** como diferencia positiva entre a cantidade inicialmente orzada para o Convenio de Colaboración entre o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e a cantidade finalmente establecida no devandito Convenio.
- Por último, faise incorporación de **414,14 €** tamén ós gastos correntes do 2003, como diferencia positiva entre a cantidade inicialmente orzada para o Convenio de Colaboración entre o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e a Universidade de Vigo para o mantemento do software INNOPAC e a cantidade finalmente establecida no devandito Convenio, co fin de afrontar o mantemento do módulo de adquisicións implantado nesa universidade.

Deste xeito o orzamento real finalmente establecido para o ano 2003 foi de **2.246.541,24 €.**

## EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2003.

### GASTOS

A cifra de gastos orzada foi de **2.246.541,24 €,** quedando distribuído da seguinte maneira:

- Gastos correntes ou de mantemento: a cantidade orzada foi de de **245.755,32 €** e a cifra de gastos reais de 201.274,39 €, polo que resulta un saldo positivo de 44.480,93 € .
- Inversións: a cantidade orzada de **2.000.785,92 €** e a cifra neste capítulo de gastos por inversións foi de 1.681.792,66 €, polo que se extrae tamén un saldo positivo de 318.993,26 €.




### INGRESOS

A cifra de ingresos orzada finalmente foi de **2.246.541,24 €,** debido ós incrementos anteriormente citados .

A liquidación final do orzamento do 2003 é a que segue:

| **RESUMO ECONÓMICO 2003** | | |
|---|---|---|
| | ORZAMENTO | REAL |
| GASTOS | 2.246.541,24 € | 1.883.067,05 € |
| INGRESOS | 2.246.541,24 € | 2.246.541,24 € |
| **DIFERENCIA POSITIVA** | | **363.474,19 €** |

| GASTOS CORRENTES | ORZAMENTO | ORZAMENTO MODIF. | REAL | DIFERENCIA |
|---|---|---|---|---|
| TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS | 5.000,00 € | **32.288,19 €** | 8.567,98 € | 23.720,21 € |
| REPARACIONS, CONSERVACIONS E MANTEMENTO | 55.310,05 € | **66.147,94 €** | 60.952,44 € | 5.195,50 € |
| SERVICIOS DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES | 6.000,00 € | 6.000,00 € | 5.733,60 € | 266,40 € |
| PUBLICIDADE E PROMOCION | 3.000,00 € | 3.000,00 € | 2.882,14 € | 117,86 € |
| REUNIONS E CONFERENCIAS | 1.500,00 € | 1.500,00 € | 966,02 € | 533,98 € |
| MATERIAL OFICINA | 2.000,00 € | 2.000,00 € | 1.863,29 € | 136,71 € |
| PRENSA, REVISTAS,LIBROS E PUBLICACIÓNS | 2.000,00 € | 2.000,00 € | 1.061,91 € | 938,09 € |
| GASTOS NON DIFERENCIADOS | 3.000,00 € | 3.000,00 € | 647,92 € | 2.352,08 € |
| SUMINISTROS.COMUNICACIONS | 4.800,00 € | 4.800,00 € | 2.077,42 € | 2.722,58 € |
| COMUNICACIONS:CORREOS,MENSAXEIROS,TRANSPORTE | 3.239,29 € | 3.239,29 € | 1.380,03 € | 1.859,26 € |
| GASTOS VIAXES | 6.000,00 € | 6.000,00 € | 3.845,56 € | 2.154,44 € |
| SOLDOS E SALARIOS | 82.834,00 € | **83.305,00 €** | 83.305,00 € | 0,00 € |
| SEGURIDADE SOCIAL | 24.862,68 € | **25.337,32 €** | 25.337,32 € | 0,00 € |
| FORMACION E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL | 6.000,00 € | 6.000,00 € | 1.860,00 € | 4.140,00 € |
| OUTROS GASTOS FINANCEIROS | 0,00 € | **1.137,58 €** | 793,76 € | 343,82 € |
| **TOTAL GASTOS CORRIENTES** | **205.546,02 €** | **245.755,32 €** | **201.274,39 €** | **44.480,93 €** |

| INVERSIÓNS | ORZAMENTO | ORZAMENTO MODIF. | REAL | DIFERENCIA |
|---|---|---|---|---|
| **INMOVILIZADO INMATERIAL** | 1.645.331,69 € | 1.645.331,69 € | 1.352.871,64 € | 292.460,05 € |
| **INMOVILIZADO MATERIAL** | 18.269,81 € | 355.454,23 € | 328.921,02 € | 26.533,21 € |
| **TOTAL INVERSIÓNS** | **1.663.601,50 €** | **2.000.785,92 €** | **1.681.792,66 €** | **318.993,26** |
| **TOTAL GASTOS** | **1.869.147,52 €** | **2.246.541,24 €** | **1.883.067,05 €** | **363.474,19 €** |
| | | | | |

| TRANSFERENCIAS CORRENTES | ORZAMENTO | REAL | DIFERENCIA |
|---|---|---|---|
| D.X UNIVERSIDADES | 45.550,71 € | 45.550,71 € | 0,00 € |
| DX COMUNIC SOC E AUDIOV | 68.326,06 € | 84.000,00 € | 15.673,94 € |
| UNIV DA CORUÑA | 20.439,42 € | 20.439,42 € | 0,00 € |
| UNIV DE VIGO | 50.790,40 € | 51.204,54 € | 414,14 € |
| UNIV DE SANTIAGO | 20.439,42 € | 20.439,42 € | 0,00 € |
| **TOTAL TRANSFERENCIAS CORRENTES** | **205.546,01 €** | **221.634,09 €** | **16.088,08 €** |
| **REMANENTE EXERCICIO 2002** | | **24.121,22 €** | **24.121,22 €** |
| **TOTAL INGRESOS CORRIENTES** | **205.546,01 €** | **245.755,31 €** | **40.209,30 €** |
| | | | |
| **TRANSFERENCIAS DE CAPITAL** | **ORZAMENTO** | **REAL** | **DIFERENCIA** |
| DX I + D | 1.201.952,08 € | 1.201.952,08 € | 0,00 € |
| D.X UNIVERSIDADES | 212.109,19 € | 212.109,19 € | 0,00 € |
| UNIV DA CORUÑA | 83.180,08 € | 83.180,08 € | 0,00 € |
| UNIV DE VIGO | 83.180,08 € | 83.180,08 € | 0,00 € |
| UNIV DE SANTIAGO | 83.180,08 € | 83.180,08 € | 0,00 € |
| **TOTAL TRANSFERENCIAS DE CAPITAL** | **1.663.601,51 €** | **1.663.601,51 €** | **0,00 €** |
| **REMANTENTE EXERCICIO 2002** | | **337.184,42 €** | **337.184,42 €** |
| **TOTAL INGRESOS INVERSIÓNS** | **1.663.601,51 €** | **2.000.785,93 €** | **337.184,42 €** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **TOTAL INGRESOS** | **1.869.147,52 €** | **2.246.541,24 €** | **377.393,72 €** |

**PLAN DE ACTIVIDADES 2003**

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia desenvolve fundamentalmente a súa actividade no ámbito dos seguintes servicios de apoio ás universidades galegas:

**1.- Servicio de apoio á producción científica que se está a desenvolver nas universidades da nosa comunidade autónoma, a través de:**

1. A contratación de recursos electrónicos de interese común ás tres universidades galegas.
2. Estudios da colección existente co fin de adecuala ás necesidades da comunidade universitaria galega, a través de:
   - As estatísticas de uso dos recursos electrónicos, realizando desenvolvementos específicos do uso das bases de datos contratadas co fin de poder obter as estatísticas de consultas/sesións tódolos meses.
   - O estudio de solapamento das bases de datos contratadas polo Consorcio co obxectivo de optimizar a contratación dos recursos electrónicos.
3. Estudio dos usuarios potenciais do Consorcio, distribuídos por grandes ámbitos de coñecemento, como factor de estudio da cobertura dos recursos contratados.
4. Análise das coleccións de revistas das tres universidades como punto de partida para a posible contratación conxunta a través do Consorcio de paquetes de revistas electrónicas de interese para a comunidade académica galega.

**2.- Servicio de apoio ás TIC nas bibliotecas universitarias a través da colaboración na unificación dos sistemas de xestión bibliotecaria.**

1. Colaboración no proxecto de unificación das aplicacións das tres bibliotecas universitarias.
2. Colaboración coa Universidade de Vigo na administración e xestión do sistema de bibliotecas Innopac sito no Consorcio.

**3.- Servicios de apoio á formación continuada do persoal bibliotecario galego, a través da:**

1. Organización de cursos de formación nos recursos electrónicos contratados.
2. Organización de cursos específicos de especial interese para os profesionais das bibliotecas universitarias que os axuden á xestión e avaliación das coleccións electrónicas.

**4.- Colaboracións noutras iniciativas de cooperación bibliotecaria,**

**1.-No ámbito galego:**

- Colaboración coa Consellería de Cultura no seu proxecto da posta en marcha da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.
- Colaboración cos Centros de Investigación de Galicia, analizando a viabilidade da súa incorporación ó Consorcio.

**2.-A nivel nacional:**

- Colaboración co Grupo Español de Usuarios de Innopac (GEUIN) como membros do Comité Directivo.